



## O RECREO CULTURAL IDEA UN MERCADO DE NADAL PARA TODOS OS ESTRADENSES

**\*Será o sábado 11 de decembro, con acceso libre e gratuito, en horario de 11.00 a 20.30.**

**\*O programa complétase con actividade cultural e gastronómica ambientada nestas datas tan sinaladas**

**A Estrada, 13 de novembro de 2021.-** O Recreo Cultural da Estrada celebrará o **próximo sábado 11 de decembro** o que será o seu **primeiro Mercado de Nadal**, un evento que a entidade que preside Iago González Beceiro concibe coma unha **xornada de portadas abertas**, deseñada para que toda a cidadanía acceda e coñeza as instalacións desta sociedade, ao tempo que aposta polos produtores e artesáns estradenses á hora de configurar un escaparte no que o público atope ese agasallo que busca para estas festas.

A celebración **estará preservada da adversidade meteorolóxica** cunha planificación íntegramente interior nas instalacións do Recreo Cultural, de xeito que tanto os expositores como o público visitante poda gozar da mostra en condicións de comodidade, toda vez que se garantiza que o mal tempo non obrigue á cancelación da actividade.

Como non podía ser doutro xeito, **a estética será navideña**. O **mercado abrirá as súas portas ás 11.00 horas e recibirá ao público, con acceso libre e gratuito, de xeito ininterrumpido ata as 20.30.**

Os **expositores que xa teñen confirmada a presenza** son os que se citan de seguido:

- A cooperativa **CAMIÑO CIRCULAR** estará presente no certame. Aínda que ofrecerá aos visitantes a configuración das súas exitosas cestas con marcado acento estradense, acode ao Mercado de Nadal con formato tenda, ofrecendo artigos soltos que resulten asequible para tódolos petos e sen perder de vista a proximidade e calidade dos produtos son selo estradense. Esta cooperativa pretende a suma de sinerxias para dinamizar o rural e impulsar o desenvolvemento sostible, saudable e solidario. Entre os artigos e firmas presentes no seu espazo expositivo figuran:

- **PASTELERÍA MIMELA:** turróns e panettone
- **PASTELERÍA PETISCOS:** turróns e polvoróns
- Doces do taller de repostería **MARUXÍO**
- **PELEGRINAS.** Melindres e bicas de elaboración artesana.



- Marmeladas ecolóxicas de **REBULIDOIRO** e **BIO FRUIT**
  - Licores de Sabugueiro e cremas de licor de **POUSA**
  - Sidra, mosto, vinagre e xenebra de **PEROJA, CAMINO E RABIOSA**
  - **OVOS DE VOLTEIRO**
  - Bolsas de tela da deseñadora **SARA VALCÁRCEL**
  - Artigos de mimbres
  - **LEITE ULLA**
  - **CASAL DE CREACIÓN**
  - **DONA FORMIGINHA**
  - **EMBUTIDOS LALINENSES**
  - **APÍCOLA CAÑEDO**
- A firma **CERÁMICA DA ULLA** con fonda tradición na elaboración de pezas artesanais e exclusivas dende 1980 estará tamén presente na mostra, ofrecendo unha coidada escolla de pezas como colares, pendentes, pulseiras ou anillos con deseños propios.  
([https://instagram.com/ar.ceramica?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/ar.ceramica?utm_medium=copy_link)),
- **CREA CON ADVA**, procedente da parroquia estradense de Berres, achegará os seus adornos de Nadal e outros artigos personalizados para regalar nestas festas. Bolas de Nadal orixinais e decoradas ao gusto do consumidor, en madeira e metacrilato son unha das súas cartas de presentación, así como o carácter personalizable de tódalas súas creacións. (Máis información e material gráfico [https://instagram.com/creaconadva?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/creaconadva?utm_medium=copy_link))
- **ROSA DE CABANAS**. A ilustradora e deseñadora estradense estará presente no mercado a través dos seus cadros e bolsas de tela ilustradas con figuras femininas. Terá un espazo propio atendido polas voluntarias de Camiño Circular, abrindo a posibilidade a quen desexa agasallar con arte este Nadal.
- **ONDAS DO MAR**: Creacións únicas e exclusivas con encaixe de Camariñas. A expositora acudirá cun posto con amplo surtido e palillará en directo.  
[https://instagram.com/ondas\\_do\\_mar\\_camarinas?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/ondas_do_mar_camarinas?utm_medium=copy_link)
- **ROBUR WOOD**: Firma estradense que crea xoias en madeira de xeito artesanal  
[https://instagram.com/robur\\_wood?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/robur_wood?utm_medium=copy_link)[https://instagram.com/robur\\_wood?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/robur_wood?utm_medium=copy_link)
- **CARROUPÍN BY STER**: Elaboración de todo tipo de pezas de artesanía en coiro.
- **PAI PRESENCIA**: Artesanía con resina inspirada na natureza. Productos naturais para o benestar.  
[https://instagram.com/pai.presencia?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/pai.presencia?utm_medium=copy_link)
- **EDITORIAL RAPOSEIRAS**: Libros para colorear e aprender sobre referentes culturais! Edicións en varias linguas: Galego RAG | Galego AGAL | Castelán e Inglés  
[https://instagram.com/raposeiras\\_editorial?utm\\_medium=copy\\_link](https://instagram.com/raposeiras_editorial?utm_medium=copy_link)



- **LIBRERÍA PAPELERÍA DURÁN.** Un clásico do sector na Estrada. Selección de libros infantil e adulto, coas últimas novidades bibliográficas e pezas de temática navideña, entre outras sorpresas.
- **PINTALETRAS:** Estará presente cos seus xoguetes de madeira, educativos e novidades bibliográficas
- **CREANDO CON TANIA E CREA Y HAZLO CON MIRIAM:** Artigos en resina, decoración de Nadal e lámpadas.
- **MIKOSIH:** Tocados, bolsos, diademas e outras cousas bonitas
- **ARLIT.** Bosque de Nadal sostible con pezas de cartón

A cultura terá tamén espazo propio no Mercado de Nadal do Recreo Cultural, un evento que contará coa colaboración da Asociación de Comerciantes da Estrada (ACOE), o Concello da Estrada e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Deste xeito, haberá un **CONCERTO DE NADAL** da escola **MUSIKENOS**, una proposta que combinará voz e acústico con un cento de participantes sobre o escenario. Participará tamén un grupo de **PANDERETEIRAS DA ESCOLA DE TEQUXETÉLDERE** e, finalmente, o cantautor **EMILIO RÚA**

No tocante á restauración, a barra do servizo de cafetería transformárase en taberna para a ocasión, propoñendo unha ampla selección de pinchos a prezos populares que se poderán maridar con sidra estradense, da man do **LAGAR PEROJA**, da parroquia de Agar.

Non faltarán tampouco os churros quentes. **CHURRERÍA LA CESUREÑA** colocará un posto que funcionará na entrada do recinto ao longo de todo o día e dende o que tamén se ofrecerá chocolate quente. De igual xeito, **PULPERÍA PORTA** instalará no recinto unha carpa calefectada.

Saúdos

Gabinete de comunicación do Recreo Cultural da Estrada